

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde do reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, na seguinte ligazón: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618> e presencialmente na **Sala Manolo Ramos** do Edificio Ernestina Otero, 3º andar (Campus Marcosende-Vigo).

No apartado correspondente a “Acceso estudantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

DÍA E HORA: martes, 26 de maio de 2026 , ás 09:30 h., en primeira convocatoria, e ás 10:00 h., en segunda.

Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de abril de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do acto de recoñecemento oficial ao Consello Social polo seu 30 Aniversario.
4. Aprobación, se procede, da segunda declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra o fraude.
5. Aprobación, se procede, do acordo polo que se modifica o artigo 4 do regulamento das certificacións académicas da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2027/2028.
7. Aprobación, se procede, da modificación do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L. e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario “EUSES-VIGO”, debido ao cambio de nome da entidade mercantil.
8. Aprobación, se procede, do concerto entre as universidades públicas que conforman o Sistema Universitario de Galicia e o Servizo Galego de Saúde, para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitaria.

9. Aprobación, se procede, do Regulamento de funcionamento das unidades docentes do Grao en Medicina.
10. Aprobación, se procede, da solicitude para o curso 2026/2027, de tres prazas de Asociado de Ciencias da Saúde para o Grao en Medicina.
11. Aprobación, se procede, da concesión de emérito ao Profesor Ángel Rodríguez de Lera, e da prórroga como emérito de Carlos Hervés Veloso.
12. Aprobación, se procede, do cambio de dedicación de tempo parcial a tempo completo do profesor titular Miguel Ángel Bouza da área 0165-X02.
13. Aprobación, se procede, da contratación de profesorado visitante nos departamentos T05, X03, X05 e X06.
14. Aprobación, se procede, do informe de resultados do plan de acción 2023-2026 do selo HRS4R.
15. Aprobación, se procede, das táboas de ponderacións PAU 2027 e da admisión (preinscrición) e matrícula en titulacións con límite de prazas nas universidades do Sistema Universitario de Galicia. Convocatorias ordinaria e extraordinaria. Curso 2026/2027.
16. Aprobación, se procede, do Protocolo de actuación para cambiar de nome e/ou xénero as persoas trans, intersexuais e non binarias na Universidade de Vigo.
17. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral